

Ana M^a Díaz lamenta que os sindicatos non a conviden aos seus actos

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz, lamentou que os sindicatos non a convidan aos seus actos. Así o fixo saber na presentación da xornada "CCOOnéctate á Formación" que organizou o sindicato Comisións Obreiras en Compostela.

Etiquetas: [CIG-Ferrol](#), [CCOO](#), [sindicatos](#), [Ana M^a Díaz](#), [Formación e Colocación](#), ,



Ana María Díaz

Na intervención que deu comezo á xornada, a directora xeral agradeceulle a CCOO que a convidase a este acto, así como a outro que tivo lugar recentemente. "O único sindicato que, por certo, me convida aos seus actos", apuntou Ana María Díaz, se ben desde o sindicato lembran que na anterior edición, en 2007, tamén participara como convidado o entón director xeral de Formación, o socialista Pastor Fuenteseca.

A directora xeral de Formación e Colocación non está a contar co visto e prace das organizacións

sindicais, en especial coa [CIG de Ferrol](#), que solicitou a súa dimisión ou destitución debido a que ten unha sentenza en firme na súa contra pola maneira en que despediu a cando menos unha traballadora.

O propio sindicato CCOO xa [pedira](#) no mes de agosto que Ana María Díaz puxese o seu cargo ao dispor da conselleira de Traballo, Beatriz Mato.
